

### TALLER DE AMIGURUMI

**Descrición:** O amigurumi é unha tendencia xaponesa que consiste en tecer pequenos bonecos con técnicas de croché ou ganchillo. Neste taller aprenderás as técnicas a empregar para a súa confección.

**Datas de realización:** Mércores, 10 e 17 de decembro

**Horario:** De 18 a 19,30 h.

**Duración:** 3 horas

**Lugar:** Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, Baixo)

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** De balde

### TALLER DE ELABORACIÓN DE VELAS

**Descrición:** Nesta actividade aprenderás as nocións básicas para a creación de velas para decorar o teu cuarto ou casa. Aplicarase a técnica usando parafina para realizar unhas velas orixinais e personalizadas.

**Datas de realización:** Xoves, 4 de decembro

**Horario:** De 18 a 20 h.

**Duración:** 2 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** De balde

### TALLER DE ELABORACIÓN DE XABÓNS DECORATIVOS

**Descrición:** Taller práctico no que aprenderás a facer xabóns artesáns, utilizando diferentes elementos como flores secas, herbas aromáticas, purpurinas, etc.

**Datas de realización:** Xoves, 11 de decembro

**Horario:** De 18 a 20 h.

**Duración:** 2 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** De balde

### TALLER DE REALIZACIÓN DE AXENDAS COA TÉCNICA DO SCRAPBOOKING

**Descrición:** O taller, consistirá na confección dunha axenda de forma orixinal e creativa empregando a técnica do scrapbooking e diversos materiais como selos, papeis, telas, pegatinas, troqueles, etc.

**Datas de realización:** Martes, 18 e xoves 20 de novembro

**Horario:** De 17 a 20 h.

**Duración:** 6 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas, de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** De balde. Nesta actividade proporcionarase parte do material. O material que debe aportar o participante comunicáraselle no momento da súa admisión.

### OBRADOIRO DE INICIACIÓN A BISUTERÍA

**Descrición:** Actividade na que se empezará por familiarizarse con distintos materiais empregados na elaboración de bisutería, para a continuación traballar na elaboración duns pendentes e dunha pulseira.

**Datas de realización:** Martes, 11 de novembro

**Horario:** De 17 a 21 h.

**Duración:** 4 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** 10 €

Nesta actividade proporcionarase o material básico para a elaboración das pezas nas que se traballe.

### OBRADOIRO DE INICIACIÓN A BISUTERÍA CON SWAROSKI

**Descrición:** Amosarase a técnica básica do enfiado con Swarovski, para a realización de pendentes a anéis.

**Datas de realización:** Martes, 25 de novembro

**Horario:** De 17 a 21 h.

**Duración:** 4 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** 10 €

Nesta actividade proporcionarase o material básico para a elaboración das pezas nas que se traballe.

### OBRADOIRO DE INICIACIÓN A BISUTERÍA CON MIYUKI

**Descrición:** Neste obradoiro traballarase con contas de cristal, fabricadas pola casa xaponesa Miyuki, que confire ás pezas un acabado impecable e profesional.

**Datas de realización:** Martes, 2 de decembro

**Horario:** De 17 a 21 h.

**Duración:** 4 horas


**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** 10 €

Nesta actividade proporcionarase o material básico para a elaboración das pezas nas que se traballe.

\*Terán prioridade para participar os mozos/as ata 30 anos empadroados no Concello de Santiago de Compostela.



### Información e inscricións:

Concellería de Xuventude  
CSC e Xuvenil Municipal O Ensanche  
Frei Rosendo Salvado 14-16 Baixo  
15701 Santiago de Compostela  
Tlfo: 981 543 001/ Fax: 981 543 002  
dptoxuventude@santiagodecompostela.org



# ACTIVIDADES FORMATIVAS

DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

Outubro-Decembro 2014

CURSO BÁSICO DE LINGUA DE SIGNOS

CURSO DE CONVERSA EN INGLÉS,  
NIVEL BÁSICO

CURSO DE CONVERSA EN INGLÉS,  
NIVEL AVANZADO

CURSO RECOÑECE O TEU TALENTO  
PARA O MUNDO LABORAL  
CURSO INTEGRA CON ÉXITO AS  
TUÁS COMPETENCIAS NA BUSCA DE  
EMPREGO  
APRENDE A FALAR EN PÚBLICO

TALLER DE COCIÑA DE OUTONO  
"SETAS"

TALLER DE COCIÑA "NADAL ENTRE  
AMIGOS"

TALLER DE COCIÑA "VIAXE EURO-  
PEA POLOS DÓCES DE NADAL"

TALLER PARA APRENDER A TECER CON  
CALCETA

TALLER DE AMIGURUMI

TALLER DE ELABORACIÓN DE VELAS

TALLER DE ELABORACIÓN DE XABÓNS  
DECORATIVOS

TALLER DE REALIZACIÓN DE  
AXENDAS COA TÉCNICA DO  
SCRAPBOOKING

OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á  
BISUTERÍA

OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á  
BISUTERÍA CON SWAROVSKI

OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á  
BISUTERÍA CON MIYUKI.

CURSO DE INICIACIÓN Á PINTURA  
DA FIGURA HUMANA A TRAVÉS  
DO CADRO "LES DEMOISELLES D'Á-  
VIGNON" DE PABLO PICASSO

CURSO DE INICIACIÓN AO RETO-  
QUE DIXITAL PHOTOSHOP

CURSO DE REALIZACIÓN DUN  
PROXECTO FOTOGRÁFICO

Aberto o prazo de inscrición!

## ACTIVIDADES FORMATIVAS DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

A Concellería de Xuventude do Concello de Santiago pon a disposición dos mozos e mozas de Santiago de Compostela unha serie de actividades formativas para atender aos seus intereses e motivacións, impartindo unha serie de cursos con diferentes temáticas, en colaboración con profesionais e colectivos locais especializados nos distintos sectores ofertados

### CURSO BÁSICO DE LINGUA DE SIGNOS

**Descrición:** A lingua de signos danos a oportunidade de comunicarnos coas persoas xordas e xordocegas do noso contorno social e tamén de ampliar a nosa formación e abrir a porta a novas expectativas profesionais, grazas ao coñecemento dunha lingua oficial no ámbito estatal recoñecida dende o ano 2007. Con este curso poderás aprender coñecementos básicos de lingua de signos nun contexto ameno, cunha metodoloxía baseada na participación activa e cooperativa, a través de dinámicas grupais, xogos de roles e tendo en conta que ti es o protagonista do teu propio proceso de aprendizaxe.

**Datas de realización:** Martes e mércores do 21 de outubro ao 9 de decembro  
**Horario:** De 16,15 a 18,15 h.

**Duración:** 30 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** 15 €

### CURSO DE CONVERSA EN INGLÉS. NIVEL BÁSICO

**Descrición:** Trátase de aproximar a un grupo de mozos e mozas á lingua inglesa, partindo dun nivel básico de coñecemento desta lingua. Procurárase que adquiran vocabulario, recursos orais, e soltura.

**Datas de realización:** Luns e mércores do 15 de outubro ao 17 de decembro  
**Horario:** De 17 a 19 h.

**Duración:** 30 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** De balde

### CURSO DE CONVERSA EN INGLÉS. NIVEL AVANZADO

**Descrición:** Trátase de dar a oportunidade a un grupo de mozos e mozas con certo nivel de inglés de practicar e perfeccionar o dominio desa lingua.

**Datas de realización:** Luns e mércores do 15 de outubro ao 17 de decembro  
**Horario:** De 19 a 21 h.

**Duración:** 30 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** De balde

### CURSO “RECOÑECE O TEU TALENTO PARA O MUNDO LABORAL”

**Descrición:** O noso talento é un don natural, é algo que non nos require esforzo, e que utilizamos de forma intuitiva. Por iso se buscamos ter éxito nun mundo laboral tan competitivo como é o actual, é preciso recoñecer os nosos talentos e así poder entrar no mercado cunhas habilidades coas que solo nós contamos, que nos diferencian e coas cales somos tremendamente efectivos.

**Datas de realización:** Xoves 16, 23 e 30 de outubro e 6 de novembro

**Horario:** De 17 a 20,30 h.

**Duración:** 14 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas, a partir de 16 anos

**Prezo:** De balde

### CURSO “INTEGRA CON EXITO AS TÚAS COMPETENCIAS NA BUSCA DE EMPREGO”

**Descrición:** As nosas habilidades intelectuais e emocionais son as que nos permiten integrarnos con éxito no mundo laboral. Con esta actividade preténdese axudar a recoñecer as competencias de cada un e avanzar según o que cada quen necesite para completalas.

**Datas de realización:** Xoves 13, 20 e 27 de novembro e 4 de decembro

**Horario:** De 17 a 20,30 h.

**Duración:** 14 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas, a partir de 16 anos

**Prezo:** De balde

### APRENDE A FALAR EN PÚBLICO

**Descrición:** Actividade organizada pola Dirección Xeral de Xuventude, na que ao longo de dúas horas se amosarán técnicas para axudar a falar en público e mellorar a nosa comunicación.

**Datas de realización:** Luns 3 de novembro

**Horario:** De 17,00 a 19,00 h.

**Duración:** 2 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas, a partir de 16 anos

**Prezo:** De balde

### CURSO DE INICIACIÓN Á PINTURA DA FIGURA HUMANA A TRAVÉS DO CADRO “ LES DEMOISELLES D’AVIGNON” DE PABLO PICASSO

**Descrición:** Actividade que se realiza cos alumnos de Bacharelato Artístico do IES de Sar, a cargo do artista Xoti de Lois. Pretendese achegar ao participantes á pintura da figura humana a través dunha das obras máis emblemática de Pablo Picasso, Les Demoiselles D’Avignon.

**Datas de realización:** Luns e Mércores do 20 de Outubro ao 10 de Decembro

**Horario:** De 17 a 19 h.

**Duración:** 30 horas

**Lugar:** IES de Sar

**Destinatarios:** Alumnos de Bacharelato Artístico

**Prezo:** De balde

### CURSO DE INICIACIÓN AO RETOQUE DIXITAL PHOTOSHOP 1

**Descrición:** Con esta actividade preténdese impartir unha serie de coñecementos básicos para o correcto uso do programa Photoshop. Para a realización desta actividade é imprescindible que cada alumno achegue o seu ordenador portátil co programa instalado.

**Datas de realización:** Venres e sábados 17, 18, 24 e 25 de outubro

**Horario:** Venres de 17 a 21 e sábados de 10,30 a 13,30 h.

**Duración:** 14 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 anos a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** De balde

### CURSO DE REALIZACIÓN DUN PROXECTO FOTOGRÁFICO

**Descrición:** A través de catro pasos básicos: documentación, toma de imaxes, edición e socialización, crearemos un proxecto fotográfico personalizado coa intención de crear material fotográfico para crear un recurso expositivo que poderás presentar ao público.

**Datas de realización:** Venres e sábados 7, 8, 14, 15, 21, 22, 28 e 29 de novembro  
**Horario:** Venres, de 17 a 21 e sábados, de 10,30 a 13,30 h.

**Duración:** 28 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** De balde

### TALLER DE COCIÑA DE OUTONO, “ SETAS”

**Descrición:** Actividade onde se experimentará a cociña cuns ingredientes moi propios da época de outono como son as setas, mostrando pratos divertidos e orixinais. A xornada comezará cunha saída cun experto micólogo, co que recolleremos as setas comestibles e terminaremos acudindo aos fogóns para cocíñalas e degustalas.

**Datas de realización:** Sábado 8 de Novembro

**Horario:** De 10 a 16 h.

**Duración:** 6 horas

**Lugar:** Hello Cooking (Rúa de Sar 96, Baixo)

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 anos a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** 10 €

### TALLER DE COCIÑA “NADAL ENTRE AMIGOS”

**Descrición:** Nesta actividade atoparás un lugar onde aprender e experimentar na cociña, divertíndote e compartindo momentos e experiencias, tendo a túa disposición os ingredientes e utensilios necesarios para confeccionar as recetas propostas. Trátase de aprender a realizar un menú creativo moi acorde coas datas festivas do nadal co que poderás sorprender aos teus amigos.

**Datas de realización:** Martes, 16 de Decembro

**Horario:** De 19 a 21,30 h.

**Duración:** 2,5 horas

**Lugar:** Hello Cooking (Rúa de Sar 96, Baixo)

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 anos a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** 10 €

### TALLER DE COCIÑA “ VIAXE EUROPEA POLOS DOCES DE NADAL”

**Descrición:** Trátase de achegar a un grupo de mozos e mozas a cociña doutros países amosando algúns dos doces típicos do nadal europeo.

**Datas de realización:** 23 de Decembro

**Horario:** De 19,00 a 21,30 h.

**Duración:** 2,5 horas

**Lugar:** Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 anos a 30 anos, prioritariamente

**Prezo:** 10 €

### TALLER DE APRENDER A TECER CON CALCETA

**Descrición:** Taller destinado á aprendizaxe e práctica do tecido coa técnica da calceta para confeccionar as túas propias prendas con lá, trapillo, etc.

**Datas de realización:** Mercores 5, 12 e 19 de novembro

**Horario:** De 18 a 19,30 h.

**Duración:** 4,5 horas

**Lugar:** Faino ti tenda (Rúa de San Pedro 89, Baixo)

**Destinatarios:** mozos e mozas de 14 a 30 anos, prioritariamente.

**Prezo:** De balde

